

Memoria Deportiva

do Plan de Tecnificación da FEGADO

da tempada actual 2025 (finaliza a 31 de decembro)


Contido

1	Antecedentes do noso PTD	1
2	Finalidade	1
3	Obxectivos	2
4	Tecnificación transversal ás nosas especialidades e niveis	2
5	Técnicos responsables	2
5.1	Equipo de persoas coordinadoras	2
5.2	Tecnificación	3
6	Proceso de selección	3
7	Participantes	3
8	Concentracións feitas na tempada 2025	3
9	Actividades desenvolvidas e calendario de competicións	6
9.1	Tecnificación principais executadas e calendadas no Proxecto Deportivo 2025:	6
9.1.1	Orientación a pé Tecnificación xenérica programada e non programada	6
9.1.2	Orientación en bicicleta de montaña (MTBO)	8
9.1.3	Raid de orientación	8
9.1.4	Trail-O	9
10	Instalacións e material	10
11	Custo económico TECNIFICACIÓN 2025 (remata a 31 de decembro)	10
12	Deportistas en Programas Nacionais de Tecnificación	10
12.1	Orientación a pé	10
12.1.1	Plan Nacional de Tecnificación Deportiva (PNTD) da FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ORIENTACIÓN (FEDO)	10
12.1.2	Aspirantes á Selección Española Absoluta	13
12.1.3	Aspirantes á Selección Española Júnior	14
12.1.4	Aspirante á Selección Española Xuvenil (2 aspirantes con máis presenza en Liga Nacional)	15
12.1.5	Aspirante á Selección Española Cadete (2 aspirantes con máis presenza en Liga Nacional)	16
12.1.6	Aspirante á Selección Española Infantil (2 aspirantes con máis presenza en Liga Nacional)	16
12.2	Orientación en bicicleta de montaña (MTBO)	17
12.3	Orientación de precisión (Trail-O)	19
12.3.1	Aspirantes á Selección Española ABSOLUTA (1 aspirante)	19
12.4	Raid de orientación	19
12.4.1	Participacións no Campionato do Mundo ARWC (Adventure Race World Championships) 2025	19
12.4.2	Participacións no Campionato de Europa ARWS EUROPE (Adventure Race World Series) 2025	20
12.4.3	Participacións nas Series Mundiais ARWS (Adventure Race World Series) 2025	20

1 Antecedentes do noso PTD

O Plan de Tecnificación Deportiva da FEGADO, comezou a súa andaina no ano 2015, polo que a data actual estamos a desenvolver a décimo primeira (XI) edición, nunha tempada 2025 que aínda está en curso posto que finaliza a 31 de decembro.


Aprender a “pensar e correr”. Consideramos a tecnificación na modalidade deportiva da orientación coma un proceso de aprendizaxe lento, complexo e marcadamente graduado. Máis aló da forma física, é consideramos esencial traballar da parte técnica e dos procesos mentais asociados. Tamén debe traballarse a parte normativa dun deporte con regulamentos e normas anuais complexos. O factor cognitivo é especialmente importante posto que hai que interpretar unha simboloxía determinada (lectura de mapa e descrición de controis) nun entorno boscoso ou urbano. É nestes aspectos técnicos e cognitivos, e non nos aspectos de resultados, cara onde enfocamos este Plan de Tecnificación Deportiva 2025 que busca asentar a participación nas categorías inferiores.



Escada da tecnificación na orientación, con exemplos concretos das habilidades de navegación

Fonte: Swedish Orienteering Federation (SOFT).

Aprender a “perderse”. A importancia da tecnificación reside en que posiblemente a modalidade da orientación é o único deporte no que durante adestramentos e competicións perdemos totalmente o contacto visual coas persoas deportistas dende o mesmo momento en que toman a saída ata a súa chegada á meta. Inicialmente isto acontece en **terreos coñecidos**, isto é nun mapa dun colexio, nun parque urbano ou periurbano, nunha cidade ou vila, para progresivamente ir dando pasos progresivos cara aos **terreos descoñecidos** con maior complexidade de lectura de mapa.



Niveis adecuados para cada tramo de idade.

Fonte: Swedish Orienteering Federation (SOFT).

2 Finalidade

Consideramos que é a etapa de desenvolvemento e perfeccionamento pola que atravesa o deportista desde a súa detección como talento ata a súa incorporación ao Alto Rendemento. Poderíamos dicir que é o proceso que serve de nexo entre o deporte base e o alto nivel, co cal falamos dun proceso moi amplo.

Entendemos que nesta etapa estamos a traballar con persoas deportistas que xa se desenvolven autonomamente en etapas infantil, cadete e xuvenil (**categorías de idade M/F 12, M/F 14, M/F 16 e M/F 18**), establecendo por defecto un límite de idade, que pode ser ampliado, nos 21 anos (**categoría M/F 21**) de modo que tamén se favorece a integración coas persoas deportistas xa inmersas en fases de estudos/ciclos superiores, evitando o desconexión ou mesmo abandono da práctica deportiva. Tamén damos acceso aos rapaces e rapazas cunha incorporación tardía ao deporte e que necesitan dunha mellora técnica.

3 Obxectivos

A Plan de Tecnificación Deportiva da FEGADO persigue:

- **Principalmente consolidar a nosa canteira:** grupo de rapaces e rapazas nas categorías previas á absoluta e anteriores á previa á absoluta.

- Xerar ilusión nos orientadores de base, para motivar a súa entrada no grupo de tecnificación.

- Detección de talentos: é necesario detectar aos deportistas con posibilidades de chegar ao alto nivel.

- Selección e seguimento: posta en marcha dun proceso de selección e seguimento que permita ter clara a proxección do deportista e as súas necesidades deportivas.

- **Practicar a orientación en autonomía e con seguridade.** Perfeccionamento deportivo: ofrecer ao deportista as experiencias necesarias para o seu desenvolvemento (adestramento e competicións de **calidade**).

- **Consolidar un grupo de adestradores e adestradoras**, de modo que poidan exportar o modelo FEGADO aos seus respectivos clubs no formato de Escolas de Orientación.

- Asentar una estrutura sobre a que desenrolar o **Alto Rendemento Deportivo na FEGADO**.

- **Practicar a orientación en autonomía e con seguridade.** Perfeccionamento deportivo: ofrecer ao deportista as experiencias necesarias para o seu desenvolvemento (adestramento e competición de **calidade**).

Sobre os resultados. A Plan de Tecnificación Deportiva da FEGADO non persigue a data actual, aínda que si existen a nivel individual e a nivel colectivo, obxectivos vinculados aos resultados deportivos nas categorías previas á absoluta e anteriores á previa á absoluta.

4 Tecnificación transversal ás nosas especialidades e niveis

O Plan de Tecnificación deportiva é transversal nas súas especialidades. Consideramos que é a especialidade de **Orientación a Pé** a que asenta as base sobre as que as persoas deportistas adquiren os coñecementos e habilidades que permitirán, no medio e longo prazo, participar no resto de especialidades coma a **MTBO**, **TRAIL-O** e estar preparados técnica e fisicamente a esixencia do **Raid de Orientación** (neste último caso, no alcance que establece o Regulamento e Normas Anuais, adaptados na última anualidade para regular a participación de menores no marco de poder prepararlos para a categoría xuvenil da Liga Española de Raids de Orientación e Aventura (LERA) da Federación Española de Orientación (FEDO).

Con este razoamento, desenrolamos unha serie de tecnificacións con tres niveis de intensidade respecto ao deseño e medios

- Unha **tecnificación específica** con exercicios 'ad hoc' en datas anteriores ás principais competicións do calendario.
- Unha **tecnificación xeral programada** (con datas concretas sinaladas no calendario oficial FEGADO) e vinculada ao calendario das probas das Ligas Galegas nas diferentes especialidades.
- Unha **tecnificación xeral non programada** (sen datas concretas sinaladas calendario oficial FEGADO), de carácter voluntario e tamén vinculada á participación nas categorías inferiores das probas das Ligas Galegas nas diferentes especialidades.

5 Técnicos responsables

5.1 Equipo de persoas coordinadoras

Director Técnico | Jorge Piñeiro | direcciontecnica@fegado.es
Vogalía de O-Pé | Teresa Bellón | oripe@fegado.es
Vogalía de MTBO | Alicia Pérez | mtbo@fegado.es
Vogalía de TRAIL-O | Pelayo García | trailo@fegado.es
Vogalía de RAID | Adrián Pérez | raid@fegado.es
Vogalía de Deporte Escolar e Universitario | Sonia Gómez | escolaruniversitario@fegado.es

5.2 Tecnificación

“Núcleo ou base estable” del PTD. O “núcleo ou base estable” de técnicos/as que fan posible o PTD é multidisciplinar e desenrola o seu labor dende o ano 2015. Ten consolidado a súa formación en dous cursos auspiciados pola FEGADO en Galicia: *I Curso de Formación de Entrenadores de Categorías Inferiores de Orientación* (28 e 29 de novembro de 2015) e *II Curso de Formación de Entrenadores* (26 e 27 de novembro de 2016), ambos impartidos polo anterior seleccionador nacional de Orientación a Pé, Alberto Mínguez. Non se incorpora relación nominal.

Reforzo do núcleo o base estable. O núcleo o base estable se reforza cada ano coa aportación de técnicos/as con menor experiencia, buscando a continuidade de rapaces/as procedentes dos propios PTD, especialmente en categorías previas á absoluta e aplicando, na medida do posible, principios de discriminación positiva de xénero, etc.

Sonia Arias | Ángel Albarrán | David Casado | María Piñeiro | Teresa Bellón (Técnico Superior TAFAD) | Lucía Parga e Brais Piñeiro (trazados e reforzo nas probas de Liga Nacional) | Alba Dopico (estudiante Grao CAFD) | Mateo Rodríguez (estudiante Grao CAFD) | Fran Varela (Licenciado en EF) | Iván Somoza | Adrián Moreira, Adrián Pérez e Manuel Pedre (Raid de Orientación) | Luis Nogueira (atleta da Selección Nacional e colaborador).

6 Proceso de selección

Inscripción nas listas TECNIFICACIÓN O-PÉ 2026. Tal e como se fixo no 2025 [\[ver noticia programa tecnificación 2025\]](#), para poder asistir ás diferentes actividades de tecnificación que estean programadas no Proxecto Deportivo de Orientación durante o ano 2026, será imprescindible enviar unha solicitude a través da persoa responsable do club á conta de correo tecnificacion@fegado.es. Será publicada a noticia na WEB da FEGADO].

Requisitos. Ter licencia federativa de tempada en vigor, expedida a través dun club galego. Compromiso de participación e de continuidade, na medida do posible, nas tecnificacións programadas.

7 Participantes

Grupos de tecnificación. Actividades orientadas ao rendemento deportivo de base, entendido como a etapa de desenvolvemento e perfeccionamento previas á participación en categorías absolutas e anteriores á absoluta.

Persoas destinatarias. Rapaces e rapazas que xa "progresan autonomamente" en probas oficiais.

O-Pé. Mínimo nas categorías M/F 12, extensible a M/F16 e M/F18. Excepcionalmente M/F 21 e SENIOR/F-SENIOR.

MTBO. Mínimo nas categorías M/F 15, extensible a M/F17 e M/F20.

Raid de Orientación. Categoría de promoción Orientaraid.

Trail-O. Dirixido a rapaces que potencialmente poderían participar no CESA.

Grupos de traballo. Por decisión técnica asignáronse ao Grupo 1 (básico), Grupo 2 (intermedio) ou Grupo 3 (perfeccionamento). Habilítase tamén o grupo de traballo Tecnificación + para maiores de 21 anos que precisan dunha mellora técnica.

8 Concentracións feitas na tempada 2025

27, 28 e 29 de decembro 2024 | CAMPUS DE NADAL FEGADO | Os Muíños e Bande (Ourense)

TECNIFICACIÓN O-Pé | TRAIL-O | RAID (cordas) [\[actividade asignada á tempada 2025\]](#).

Total deportistas participantes (14). 4 mulleres e 10 homes.

Equipo de persoas adestradoras (5). 3 homes e 2 mulleres. Colaboración de TRICK-TRACK (Martín Morales)

Venres 27 de decembro 2024 | Adestramento 1 | Xornada de tarde-noite | Mapa SPRINT de Bande (nova cartografía). Nocturno


- Charla técnica de preparación do sprint urbano (15 minutos)
- Simboloxía ISSPrOM 2019. Elección de ruta. Traballo de memorización. Traballo das descrições de control.

Sábado 28 de decembro 2024 | Adestramentos 2 e 3 | Xornada de mañá e tarde | Mapa Monte Grande (Bande)

- Charla técnica de preparación do bosque (2x15= 30 minutos)
- Simboloxía ISSOM 2017 | Traballo con compás | Traballo con curva de nivel | Traballo con vexetación.

Domingo 29 de decembro 2024 | Adestramentos 4 e 5 | Xornada de mañá | Mapa de Os Muíños

- e) Charla técnica de preparación da media e TRAIL-O (2x15= 30 minutos)
- f) Simbología ISSOM 2017 | Traballo con compás | Traballo con curva de nivel | Traballo con vexetación | Orientación de precisión.




31/05/2025 Concentración PRE-CESA | Mapa Cidade Vella (A Coruña)

Total deportistas participantes (9). 7 mulleres e 2 homes.

Equipo de persoas adestradoras (3). 2 homes e 1 muller. Colaboración co Exército de Terra e o club Gallaecia Raid.

PROGRAMA: 10:00 Reunión de Coordinación e explicación dos exercicios | 10:15 Saídas exercicios individuais | 11:40 Debriefing exercicios individuais | 12:00 Explicación exercicio saídas en masa | 13:15 Debriefing exercicio saída en masa | 13:30 Fin actividade.



CONCENTRACIÓN CECEO | 17 e 18 de maio de 2025 | Marín e Pontevedra [\[ver NOTICIA WEB FEGADO\]](#) (tecnificación programada)

Total deportistas participantes (18). 12 rapazas e 6 rapaces.

Equipo de persoas adestradoras (3). 2 homes e 1 muller.

PROGRAMA: 16 de maio CHARLA TÉCNICA no Colexio SEI SAN NARCISO de Marín (1,5 horas) | 17 de maio pola mañá DISTANCIA MEDIA no Mapa do LAGO DE CASTIÑEIRAS (Marín, Pontevedra) | 17 de maio pola tarde REMUDAS DA AMISTADE no Mapa do CASCO VELLO E ALAMEDA de Pontevedra | 17 de maio pola noite SPRINT NOCTURNO no Mapa da ILLA DAS ESCULTURAS de Pontevedra | 18 de maio pola mañá REMUDAS CLÁSICAS no Mapa do LAGO DE CASTIÑEIRAS (Marín, Pontevedra) [\[máis info do EVENTO\]](#).



CONCENTRACIÓN CESA | 20, 21 e 22 de maio de 2025 | O Porto do Son e Santiago de Compostela (A Coruña) (tecnificación programada)

Total deportistas participantes (19). 10 rapazes e 9 rapaces.
Equipo de persoas adestradoras (3). 1 home e 2 mulleres.



PANEL DAS CHARLAS TÉCNICAS (3) DURANTE A CONCENTRACIÓN CESA 2025

PROGRAMA: 19 de xuño CHARLA TÉCNICA no Albergue MONTE DO GOZO, Santiago de Compostela | 20 de xuño pola mañá DISTANCIA LONGA no Mapa do Monte Enxa (Porto do Son, A Coruña) | 20 de xuño pola tarde TRAIL-O (1ª proba) e LABERINTO (2ª proba) no Mapa do MONTE DO GOZO, Santiago de Compostela | 20 de xuño noite CHARLA TÉCNICA no Albergue MONTE DO GOZO | 21 de xuño pola mañá DISTANCIA LONGA no Mapa do Monte Enxa (Porto do Son, A Coruña) | 21 de xuño pola tarde DISTANCIA LONGA no Mapa do Campus Sur UCS (Santiago de Compostela) | 22 de xuño REMUDAS MIXTAS no Mapa da Cidade da Cultura (Santiago de Compostela) [[máis info do EVENTO](#)].

TECNIFICACIÓN. Análise de carreiras. Técnicas aplicadas. Eleccións de rutas. Identificación de erros.

26 ao 29 de agosto 2025. | **CAMPUS DE VERÁN FEGADO** | ver apartado de **Programa Nacional de Tecnificación Deportiva (PNTD)**. Campo de Adestramento Nacional | **NAVALENO (SORIA)** | **Federación Española de Orientación (FEDO)**.

Outras posibles actividades de tecnificación programada(tempada 2025 en curso)

EN CURSO Campus de Nadal FEGADO (en curso). Actividade local km 0 a desenvolver en Galicia (duración 2 días). Datat: 26 a 28 de decembro na contorna da cidade de A Coruña.

9 Actividades desenvolvidas e calendario de competicións

O calendario oficial da FEGADO 2025, Aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do 14 de decembro 2024 e modificado en diferentes Xuntas directivas con carácter previo á validación en sede asemblearia, é público [\[ver calendario FEGADO 2025 de competicións oficiais federadas act outubro 2025\]](#).

Obxectivo baixo o prisma da tecnificación: preparación das competicións do calendario da Federación Española de Orientación (FEDO): Campionatos de España e probas clasificatorias para formar parte das Seleccións Nacionais en tódalas disciplinas: O-Pé bosque, O-Pé Sprint, MTBO e Trail-O).

- a) Campionatos de España de Orientación a Pé 1 bosque (CEOP-1) do 18 ao 20 de abril en El Pedroso (Sevilla). Distancia Longa | Distancia Media | Remudas Clásicas por CCAA.
- b) Campionatos de España de Orientación a Pé 2 urbano (CEOP-2) do 25 ao 26 de outubro en Frailes (Jaén). Distancia Sprint | Remudas mixtas por CCAA.
- c) Campionato de España de Orientación en bicicleta de montaña (MTBO) do 28 ao 29 de xuño en Santa Pola (Alicante). Distancia Longa | Distancia Sprint | Distancia Media.
- d) Campionato de España de Raid de Orientación e Aventura (CER) do 10 ao 11 de maio en Caldas de Reis (Pontevedra).
- e) Campionato de España de Trail-O Temp-O (CETO-1) do 31 de maio ao 1 de xuño en Pedralba (Valencia).
- f) Campionato de España de Trail-O Pre-O (CETO-2) do 13 ao 15 de xuño en Pozuelo de Alarcón e Torrelodones (Madrid).
- g) Campionato de España de U-Rogaining (CEUR) o 15 de novembro en Viator (Almería).
- h) Campionato de España de Seleccións Autonómica (CESAR) 2025 do 1 ao 2 de novembro en Jarandilla de la Vera (Cáceres).
- i) d) Campionato de España de Seleccións Autonómicas en Idade Escolar (CESA) do 20 ao 22 de xuño en Santiago de Compostela (A Coruña). Distancia Longa | Distancia Media | Distancia Sprint | Remudas Mixtas por CCAA.

9.1 Tecnificación principais executadas e calendaradas no Proxecto Deportivo 2025:

9.1.1 Orientación a pé | Tecnificación xenérica programada e non programada

15 de febreiro 2025. Mapa do Monte A Zapateira (Culleredo, A Coruña). Distancia media [nova cartografía]

39 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (17 rapaces e 22 rapazas).

- Xornada de mañá: tecnificación non programada.
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
- Xornada de tarde: **tecnificación programada nº1**. Traballo de rumbo. Traballo con vexetación.
18 deportistas: 10 rapaces e 8 rapazas.
4 monitores: 2 homes e 2 mulleres. Deseño dos trazados: Iván Somoza. Cartografía: Ángel Albarrán e Juan Patiño.

8 de marzo 2025. Mapa do Campamento Militar de Parga (Lugo). Distancia media [nova cartografía]

34 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (14 rapaces e 20 rapazas).

- Xornada de mañá: tecnificación non programada
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.

22 de marzo 2025. Mapa O Serro – A Mourela (O Bolo, Ourense) [nova cartografía]

17 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (9 rapaces e 8 rapazas).

- Xornada de mañá: tecnificación non programada
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.
- Xornada de tarde: **tecnificación programada nº2**. Traballo en terreo de rochas. Traballo con curva de nivel e vexetación.
18 deportistas: 6 rapaces e 4 rapazas.
5 monitores: 3 homes e 2 mulleres. Trazados e Cartografía: Martín Morales TRIC-TRACK Outdoor Sports.

5 de abril 2025. Mapa de Chan da Lagoa (Baiona, Pontevedra). Distancia media. [nova cartografía]

31 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (15 rapaces e 16 rapazas).

- Xornada de mañá: tecnificación non programada.
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.

5 de abril 2025. Mapa de Panxón (Nigrán, Pontevedra). Distancia sprint. [nova cartografía]

31 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (16 rapaces e 15 rapazas).

- Xornada de tarde: tecnificación non programada.
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.

6 de abril 2025. Mapa de Chan da Lagoa (Baiona, Pontevedra). Distancia longa. [nova cartografía]

32 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (14 rapaces e 18 rapazas).

- Xornada de mañá: tecnificación non programada.
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.

6 de maio 2025. Mapa de Estación de Montaña Manzaneda (Ourense). Distancia media e sprint.

mañá: 24 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (12 rapaces e 12 rapazas).

tarde: 25 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (12 rapaces e 13 rapazas).

- Xornada de mañá e tarde: tecnificación non programada
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.



7 de maio 2025. Mapa de Estación de Montaña Manzaneda (Ourense). Distancia longa.

25 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (12 rapaces e 13 rapazas).

- Xornada de mañá: tecnificación non programada
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.

23 de agosto 2025. Mapa Illa das Esculturas (Pontevedra). Distancia sprint.

21 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (7 rapaces e 14 rapazas).

- Xornada de mañá: tecnificación non programada
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.

20 de setembro 2025. Mapa de Forgoselo Norte (A Capela, A Coruña). Distancia longa.

33 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (15 rapaces e 18 rapazas).

- Xornada de mañá: tecnificación non programada
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.

21 de setembro 2025. Mapa de Goente (As Pontes, A Coruña). Distancia media.


19 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (10 rapaces e 9 rapazas).

- Xornada de mañá: tecnificación non programada
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.

18 de outubro 2025. Mapa de Monte Enxa (Porto do Son, A Coruña) e Mapa de Porto do Son. Distancia media e sprint.

mañá: 32 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (13 rapaces e 19 rapazas).
tarde: 27 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (13 rapaces e 14 rapazas).

- Xornada de mañá e tarde: tecnificación non programada
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas aplicadas e eleccións de ruta.



1 e 2 de novembro de 2025 | Campionato de España de Seleccións Autonómicas XUVENIL | Jarandilla de la Vega (Cáceres).
Duración 1 etapa: día 1 (10 horas máximo).

[CANCELADO debido a meteoroloxía adversa | pendente de nova data, previsiblemente en febreiro 2026]

Adestrador e asistencia: coordina Adrián Pérez (vogalía de RAID).

Tecnificación xenérica non programada (2 actividades)

O Regulamento de RAID de orientación incorpora aspectos normativos nos Regulamentos e nas Normas Anuais de cara a facilitar a participación de menores, no contexto da tecnificación deportiva:

En categoría Orienta-Raid, pola súa banda, poderán participar tanto maiores de idade (18 anos cumpridos) coma menores que teñan (ou cumpran no 2023) 16 ou 17 anos, sempre debidamente autorizados (pai/nai/titor legal) e acompañados durante todas as seccións do percorrido por polo menos un maior de idade con experiencia acreditada na modalidade deportiva de orientación. Excepcionalmente, no contexto da tecnificación de cara á futura participación na Categoría Xuvenil de la Liga Española de Raids de Aventura (LERA) da Federación Española de Orientación (FEDO), ou ben no Campionato de España de Seleccións Autonómicas de Raid de Orientación Xuvenil (CESAR Xuvenil), se permitirá a participación de menores que teñan (ou cumpran no 2023) 15 anos, que tamén han de estar debidamente autorizados (pai/nai/titor legal) e acompañados durante todas as seccións do percorrido por polo menos un maior de idade con experiencia acreditada na modalidade deportiva de orientación.

NÚM.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	12/4	Marmar/Xesta	Bergondo	Race	C. G.
2	10-11/5	Aromon	Caldas de Reis	24H	Cpto de España

12 de abril 2025 | BERGONDO RAID

Participación do equipo O PASATEMPO – GALLAECIA RAID con deportistas na listaxe de Grupo Tecnificación FEDO

- Total deportistas participantes (3). Eva Casado | Anxo Somoza | Martín Casado.
- Equipo de persoas adestradoras (1). David Casado.

Duración 1 etapa: día 1 (6 horas máximo) | 1º posto na categoría ORIENTARAID (total 13 equipos) 03:04:30 horas 21 puntos

10-11 de maio 2025 | PONTEVEDRA RAID | CAMPIONATO DE ESPAÑA DE RAID DE ORIENTACIÓN E AVENTURA

Participación do equipo O PASATEMPO – GALLAECIA RAID con deportistas na listaxe de Grupo Tecnificación FEDO

- Total deportistas participantes (3). Sara Nogueras | Anxo Somoza | Martín Casado.
- Equipo de persoas adestradoras (-).En autonomía.

Duración 3 etapas (6 seccións): 2días (6 horas máximo) | Único equipo na categoría.

10-11 de maio 2025 | RAID GALLAECIA SHORT | Liga Galega de Orientación

Participación do equipo O PASATEMPO – GALLAECIA RAID JUNIORS con deportistas na listaxe de Grupo Tecnificación FEDO

- Total deportistas participantes (2). Anxo Somoza | Martín Casado.
- Equipo de persoas adestradoras (1). David Casado.

Duración 1 etapa: día 1 (8,5 horas máximo) | 1º posto na categoría ORIENTARAID (total 5 equipos) 04:24:00 horas 23 puntos

9.1.4 Trail-O

Tecnificación xenérica non programada

23 de agosto 2025. Mapa de Monteporreiro (Pontevedra) | Formato PRE-O cun punto cronometrado.

5 persoas deportistas inscritas en categorías previas á absoluta e anteriores (2 rapaces e 3 rapazas).

- Xornada de mañá: tecnificación non programada.
Revisión da carreira con persoas adestradoras da FEGADO.
Análise de erros, técnicas empregadas.



10 Instalacións e material

Instalación deportivas: as instalacións deportivas da orientación son os **mapas** especificados nos apartados anteriores

Materiais FEGADO declarados no ANEXO II da documentación aportada regularmente aos expedientes de Convenio Xunta-FEGADO. Esencialmente: balizas (conxunto estaca, telas e pinzas clásicas), estacións dixitais de control de paso e cronometraxe SPORTident, pinzas electrónicas SIAC ou similares. Colaboración dos diferentes clubs da FEGADO con materiais e recursos propios.

11 Custo económico TECNIFICACIÓN 2025 (remata a 31 de decembro)

A data actual, a tempada aínda non está rematada. Será na Asemblea Xeral convocada para o sábado 20 de decembro de 2025 onde se expoñerán os orzamentos executados e/ou pendentes de execución para o coñecemento das persoas asembleístas e das persoas asistentes, e para a súa aprobación, se procede.

O orzamento en concepto de TECNIFICACIÓN dentro da **Actividade Deportiva Ordinaria da FEGADO 2025** (24.920 €), segundo os orzamentos aprobados en Asemblea Xeral de 14 de decembro 2024 foi de **3.750,0 euros** (proposta de gasto 4.2 *Tecnificación*).

Tamén contemplamos unha partida en concepto de ALTO RENDEMENTO, tamén dentro da **Actividade Deportiva Ordinaria da FEGADO 2025**, por importe de **4.000,0 €** (proposta de gasto 4.4 *Alto Rendemento*).

A maiores, dentro da Actividade Deportiva e de Promoción FEGADO, habilitáronse **2.000,0 €** no marco do “*xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación*”

En calquera caso o peche da tempada será a 31 de decembro de 2025, así que podería haber axustes orzamentarios en materia de tecnificación en base ás actividades executadas e previstas neste mesmo documento.

A Dirección Técnica entende que a proposta de gasto 4.4 Alto Rendemento é compatible co apoio ás persoas cunha traxectoria deportiva que ten como obxectivo acadar un recoñecemento como deportistas de ALTO NIVEL, ALTO RENDEMENTO e RENDEMENTO DEPORTIVO DE BASE, aplicando políticas transversais de reparto e proporcionalidade entre tódalas disciplinas.

12 Deportistas en Programas Nacionais de Tecnificación

12.1 Orientación a pé

12.1.1 Plan Nacional de Tecnificación Deportiva (PNTD) da FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ORIENTACIÓN (FEDO)

[\[ver TECNIFICACIÓN FEDO\]](#)

2 ao 5 de xaneiro 2025. Programa Nacional de Tecnificación Deportiva (PNTD) de Reis. Campo de Adestramento da Federación Española de Orientación (FEDO) en Guadamar (Alicante).

PROGRAMA: Día 2 enero 13 a 17h Entrenamiento 1 - Contacto con mapa | 19h Charla reunión (presentación PNTD Reyes - programa y objetivos) Día 3 enero 10h Entrenamiento 2 y 3 – Curva de nivel / test rumbos 12h Análisis entrenamiento (sobre terreno) | 16h Entrenamiento 4 - Relevos | 19:30h Charla técnica | Día 4 enero 10h Entrenamiento 5 - Multitécnica 12h Análisis entrenamiento 5 | 16h Entrenamiento 6 - Simulación 18h Entrenamiento 7 - Nocturna | Día 5 enero 10:30h Entrenamiento 8 – Salida en masa. [\[ver PROGRAMA\]](#).




Participan 4 deportistas das categorías inferiores da FEGADO:

Nombre	Sportident	WRE ID	Club	Prueba	Equipo	Categoría
Casado Núñez, Martín	8670227		OP BETANZOS	'PNTD -Reyes 2025'	GAP	M-16
Somoza Seoane, Anxo	8670997	50307	GALLAECIA_RAID	'PNTD -Reyes 2025'	GAP	M-18
Nogueras Porto, Sara	8006819		FLUVIAL_LUGO	'PNTD -Reyes 2025'	Las Sonny Angels	F-18
Casado Núñez, Eva	8670226		OP BETANZOS	'PNTD -Reyes 2025'	Polluelas	F-20



17 ao 27 de xullo 2025 | Programa Nacional de Tecnificación Deportiva (PNTD). Campo de Adestramento Internacional Silva O-Camp | BRNO Y VIDNAVA (REPUBLICA CHECA) | Federación Española de Orientación (FEDO).

PROGRAMA: 2 adestramentos técnicos | 3 PROBAS no evento Czech O-Tour en Brno: distancia LONGA, distancia MEDIA e distancia SPRINT [\[ver PROGRAMA\]](#).




Participan 4 deportistas das categorías inferiores da FEGADO:

Albarrán Oroza, Daniela	8515508			GALLAECIA_RAID	'3er plazo SILVA O-CAMP'	FEGADO	F-16
ALBARRAN OROZA, JANA	8027205			GALLAECIA_RAID	'3er plazo SILVA O-CAMP'	FEGADO	F-14
Somoza Seoane, Carla	8163607	53752		GALLAECIA_RAID	'3er plazo SILVA O-CAMP'	FEGADO	F-16

21 ao 27 de abril 2025 | Programa Nacional de Tecnificación Deportiva (PNTD). Campo de Adestramento Internacional en ITALIA | Federación Española de Orientación (FEDO).

PROGRAMA: 21, 22 y 23 de abril: o Training camp JWOC. • Jueves, 24 de abril: Traslado al Aeropuerto de Nápoles para participar en la XXX Copa Latina y Copa de Italia | Desplazamientos internos en furgonetas. o Model event. • 25, 26 y 27 de abril: Competiciones (Larga, Sprint y Media) [\[ver PROGRAMA\]](#).



Sara Nogueiras Porto [SPANISH ORIENTTERING FEDERATION FEDO] | XXX Copa Latina y Copa de Italia | Piano di Novacco (ITALIA)

W18 DISTANCIA LARGA 5º de 17 participantes (1ª española).

W18 DISTANCIA SPRINT 4º de 11 participantes (1ª española).

Participa 1 deportista das categorías inferiores da FEGADO:


Nombre	Sportident	WRE ID	Club	Prueba	Equipo	Categoría
Nogueiras Porto, Sara	8006819		OP BETANZOS	'PNTD 2025 ITALIA'		F-18

26 ao 29 de agosto 2025. Programa Nacional de Tecnificación Deportiva (PNTD). Campo de Adestramento Nacional | NVALENO (SORIA) | Federación Española de Orientación (FEDO).

PROGRAMA: **Día 26 agosto** 16:30h Entrenamiento 1 – Curva de nivel | **Día 27 agosto** 8h Charla | 10:30h Entrenamiento 2 – Plan. Planteamiento de cada tramo previo a su ejecución | 17:30h Entrenamiento 3 – Brújula y cambios de dirección | Entrenamiento 4 – Nocturna | **Día 28 agosto** 9h Charla 10:30h Entrenamiento 5 – Generalización, simplificación y orientación somera. 13:00h | Entrenamiento 6 – Orientación en bajadas | **Día 29 agosto** 9h Charla | 10:30h Model Event [\[ver PROGRAMA\]](#).

Participan 6 deportistas das categorías inferiores da FEGADO e un adestrador FEGADO:

Nombre	Sportident	WRE ID	Club	Prueba	Equipo	Categoría
Somoza Seoane, Carla	8163607	53752	 GALLAECIA_RAID	'Entrenamientos'	Skibidi	F-16
Albarrán Oroza, Daniela	8515508		 GALLAECIA_RAID	'PNTD - Navaleno'	Skibidi	F-16
ALBARRAN OROZA, JANA	8027205		 GALLAECIA_RAID	'PNTD - Navaleno'	Skibidi	F-14
Casado Núñez, Martín	8670227		 OP BETANZOS	'PNTD - Navaleno'	Skibidi	M-18
Nogueiras Porto, Sara	8006819		 OP BETANZOS	'PNTD - Navaleno'	Skibidi	F-18
